CONCELLO DE

CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A

ACTA Nº 2022/5
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

PRESIDE:
JUAN MANUEL SABORIDO RAMA
ASISTEN:
PSOE
MARÍA MERCEDES NOCEDA GÓMEZ
SANDRA FERNÁNDEZ SIABA
JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REY
PP
AGUSTÍN MANUEL GONZÁLEZ DOSIL
JOSÉ ELISARDO GARCÍA LAGO
PEDRO LADO RIVEIRO
BNG
MARÍA BELÉN CAMPOS DÍAZ
MARÍA PILAR TUBÍO LARIÑO
MANUEL MÁXIMO SOUTO BARREIRO
AUSENTE
CÁNDIDO JUSTO FIGUEIRA LESTÓN
SECRETARIO
JOSÉ LUIS VEIGA SIERRA

No Salón de sesións da Casa do Concello de Carnota, ás 20:00 horas do día 01 de decembro de 2022, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación, conforme ao réxime de sesións acordado polo Pleno en cumprimento do establecido no artigo 46.1 da Lei 7/1985, LBRL. Correspondía a celebración de sesión ordinaria o último xoves do mes de xullo, e por acordo dos grupos políticos acordouse trasladar a data de celebración ao 01 de decembro, mantendo o carácter ordinario.
Comprobada a existencia de quórum suficiente e o cumprimento dos demais requisitos formais legalmente esixidos para a válida celebración do acto, o Presidente declara aberta a sesión, procedéndose a tratar os diversos asuntos incluídos na orde do día que se incluíron na convocatoria.

I. PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da Acta da sesión anterior.

De acordo co previsto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, ROF, pregunta o presidente se algún membro da Corporación desexa facer algunha observación con respecto á acta da sesión anterior (n.º2022/3 do 01/07/2022) que se entregou coa convocatoria.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 13/12/2022 14:03:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 14/12/2022 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: I/QBEK2G3EaN8qcDoF2m
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A

Non se realizan observacións, polo que se considera aprobada a Acta por unanimidade.

2. Nomeamento de representante nos Consellos Escolares

Pola Alcaldía infórmase ao pleno da Corporación da seguinte proposta:

No Pleno celebrado o 3 de marzo de 2020 acordouse modificar os representantes do concello nos consellos escolares do CEIP de Carnota e IES Lamas de Castelo, nomeando a D. Rafael Antonio Riveiro Piñeiro.

O dito concelleiro foi nomeado representante do concello no consello escolar do CEIP do Pindo por acordo plenario do 04 de xullo de 2019.

Na sesión plenaria celebrada o 5 de abril de 2022 tómase coñecemento do falecemento do concelleiro D. Rafael Riveiro, comunicando o acordo a Xunta Electoral Central.

Considerando que é necesario designar un/unha represente do Concello para formar parte como membro de dereito nos consellos escolares dos centros educativos do Concello de Carnota,

PROPONSE ou Pleno da Corporación nomear:

1.- Representante do Concello no CEIP DE CARNOTA, no CEIP DO PINDO e no IES LAMAS DE CASTELO á concelleira D.ª Sandra Fernández Siaba.
2.- Notificar este acordo aos respectivos centros.
3.- Publicar este acordo no BOP.

Na quenda de intervencións a concelleira do BNG, María Pilar Tubío Lariño, explica que a designación dos representantes do Consello Escolar lle corresponde ao goberno.
O presidente responde que tamén pensaban o mesmo, pero a funcionaria, despois de estudalo, comentoulles que debía adoptarse acordo plenario.

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 7 (4 do grupo do PsdeG-PSOE, 3 do grupo PP)
Votos en contra: 0
Abstencións: 3 do grupo BNG

Consecuentemente o presidente declara aprobada a proposta.

3. Mocións presentadas

3.1. RE202299900000643 de 21/10/2022.BNG. Autovía Costa da Morte

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 13/12/2022 14:03:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 14/12/2022 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: I/QBEK2G3EaN8qcDoF2m
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE

CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A

Por parte da concelleira do BNG, María Belén Campos Díaz, dáse lectura á moción que de seguido se transcribe:

POLO REMATE DA AUTOVÍA DA COSTA DA MORTE, A MELLORA DO TRANSPORTE PÚBLICO, ELIMINACIÓN DAS PEAXES, MELLORA DA REDE DE TELECOMUNICACIÓNS E IMPLANTACIÓN DUN FERROCARRIL DE PROXIMIDADE PARA A CONQUISTA DUNHA VIDA DIGNA E SEN DESIGUALDADES NA COMARCA DA COSTA DA MORTE

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tivo que ser un **desastre como o do Prestige**, hai exactamente 20 anos, o que conseguiu poñer no mapa e nas pantallas da televisión a Costa da Morte, un territorio da periferia ao que se podía acceder por estreitas estradas con fochancas, ou mediante un transporte público en bus que che paseaba en zigzag durante horas dende ás cidades da provincia.

O Prestige, convertido nunha creba de ouro, dou orixe a aquel famoso programa Plan de Dinamización Económica de Galicia, bautizado polo Partido Popular como "**Plan Galicia**" que prometía actuacións nos sectores afectados, centrándose na **pesca e o marisqueo,** fortalecemento da pesca de baixura, potenciación da industria da transformación, potenciación da acuicultura e saneamento das Rías Baixas e Turismo.

Tamén contemplaba unha serie de actuacións específicas para as nosas comarcas as cales sufrimos a catástrofe dun xeito directo, medidas de carácter horizontal en infraestruturas, propoñendo infraestruturas de comunicación (autovías e estradas comarcais e locais), infraestruturas eléctricas e gasísticas, a creación de solo industrial e novos portos, medidas para formación e o fomento do emprego e medidas de carácter sectorial para o turismo, artesanía e comercio.

Un plan aprobado no ano 2003 para unha comarca coma a nosa, que naquel entón contaba con **51.431 habitantes,** onde o **21.6% da poboación era maior de 65 anos.**

A taxa de crecemento vexetativo é negativa dende os anos 80 e **a renda familiar dispoñible é inferior á media galega**.

A día de hoxe, a poboación maior de 65 anos aumentou ate o 31,93%, despois de perder **case dez mil habitantes nos últimos 20**	**POBOACIÓN NO ANO 2003**	**MAIORES DE 65 ANOS NO 2003**	**POBOACIÓN NO ANO 2021**	**MAIORES DE 65 ANOS NO 2021**

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 13/12/2022 14:03:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 14/12/2022 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: I/QBEK2G3EaN8qcDoF2m
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A

anos. CONCELLOS				
CAMARIÑAS	6.597	1.355	5.224	1.604
CARNOTA	5.421	1.487	3.854	1.625
CEE	7.308	1.410	7.568	1.995
CORCUBIÓN	1.997	382	1.606	432
DUMBRÍA	4.307	899	2.927	981
FISTERRA	5.141	843	4.714	1.258
MUXÍA	6.029	1.404	4.564	1.549
VIMIANZO	8.653	1.893	6.925	2.364
ZAS	5.978	1.455	4.384	1.529
TOTAL	**51.431**	**11.128**	**41.766**	**13.337**

No ano 2003, a comarca contaba cunha autovía Carballo-Coruña, AG-55, de 32,6 Km., inaugurada no ano 1997 e concesionada ata o ano 2045 e que mantén hoxe as peaxes de cobro polo tránsito nela, cantidades que aumentaron ata case o 100% dende o seu inicio (2,60 € en total, polos tramos Coruña- Arteixo 0,55 €, Arteixo-Carballo 2,05 €).
No ano 2003, contabamos cun hospital comarcal, tamén inaugurado no ano 1997, pero funcionando dende 1998 con servizo de urxencias e de medicina interna, que evitaba o desprazamento de máis de 100 Km. á Coruña e unha morte segura nalgunhas urxencias, que si atoparon moitos outros veciños e veciñas tempo atrás.
A posta en marcha do "Plan Galicia" impulsou un leve investimento na Costa da Morte, medidas e programas que aínda hoxe, despois de case 20 anos, non se viron executadas, como o **remate da autovía ata Fisterra** (investimento previsto de 600 millóns de euros), que debería rematar cun enlace ata o peirao de Brens. Esta infraestrutura quedou a medio facer, paralizada en Baio e sen nin sequera rematar o tramo ata Berdoias. Un legado do señor Feijoo e do PP, que goberna dende o ano 2009 a Xunta de Galiza, e que nos afasta do famoso Porto Exterior en Punta Langosteira, a gran obra do famoso plan que revolucionaría o desenvolvemento económico do País, e que se desinchou co engano dos famosos contratos coa mexicana PEMEX, anunciados a bombo e prato polo señor Núñez Feijoo.
Amplíouse o peirao de Brens (cunha nova explanada de 33.702 m²), obra que rematou no ano 2012, facilitando o atraque de buques de maior lonxitude e calado, e que buscaba o incremento da actividade portuaria (de Ferroatlántica e de novos tránsitos) e o aumento da actividade turística coa chegada de cruceiros. O resultado está á vista, diminución da actividade nos fornos de XEAL, e turistas en modo anagrama. 14,5 millóns de euros

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 13/12/2022 14:03:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 14/12/2022 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: I/QBEK2G3EaN8qcDoF2m
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

investidos que reciben máis golpes de mar que barcos e que fai viable a pesca de calamares en superficie.

Porto no que a día de hoxe se sigue tentando desmantelar servizos como o caso do servizo de practicaxe que fará imposible o atraque de buques neste peirao.

A raíz deste plan tamén crearonse varios polígonos industriais na comarca. En Cee, a través da Sociedade "Suelo Empresarial del Atlántico" (SEA, S.L.) creouse unha superficie de solo industrial de 228.000 m² (41 parcelas), cun investimento de case 4 millóns de euros. As obras foron iniciadas no 2008 e entrou en funcionamento no ano 2013. A mesma sociedade estatal creou o polígono industrial de Vimianzo, que dispón dunha superficie de 330.000 m² (108 parcelas) cun custe de case 6 millóns de euros. As obras iniciáronse no ano 2007 e remataron no ano seguinte. Ata o día de hoxe, en Cee, só se venderon 12 parcelas, de 41 e en Vimianzo, 15 parcelas de 108. En definitiva, 10 millóns de euros investidos para que o gando siga encargándose do mantemento de xardinería.

En canto o turismo creouse un parador turístico en Muxía, zona cero do desastre medioambiental xunto a Carnota e Camariñas (as grandes esquecidas porque alí non gobernaba o Partido Popular), o único na Costa da Morte, en punta Lourido. Púxose a primeira pedra no ano 2011, pero a maioría das obras se executaron realmente entre o ano 2016 e 2019, inaugurándose este no ano 2020. O investimento foi de 25 millóns de euros, e leva camiño de ser a única medida que conseguiu alcanzar o seu obxectivo, aínda que 20 anos despois do seu anuncio.

Da alta velocidade, o famoso AVE, que aínda non dou chegado realmente a Compostela quedando apeado en Ourense, mellor non falar. **A comarca adoece de infraestrutura ferroviaria, nin tan sequera un camiño de ferro de proximidade**. Tan só nos queda a lembranza dun proxecto do ferrocarril da costa (Coruña-Carballo-Corcubión) presentado ao ministro de fomento no ano 1921 e aprobado polo goberno no ano 1925. O resultado, frustrado no 36, está á vista de todos.

No ano 2011 comezaron as obras no lugar de Ruibo, en Cee, dunha base de helicópteros de Salvamento Marítimo, e que entrou a funcionar no ano 2012, e cuxo investimento ascendeu a 1,8 millóns de euros. O helicóptero, o Helimer 203, que costou 13 millóns de euros só estivo operativo en Lires ata 2014. A base segue a esperar a que o helicóptero faga o camiño dende Santiago ata Fisterra, igual noutro ano xacobeo.

No ano 2003, tan só había no tecido industrial de arredor de 1.800 empresas rexistradas, 5 empresas con máis de 50 traballadores, e 53 de entre 10 e 49 traballadores, entre elas Ferroatlántica, o propio hospital, algún concello e empresas do sector da acuicultura e conserva.

Todos estes investimentos e as promesas incumpridas, non foron suficientes para cambiar a situación do panorama desolador que temos na Costa da Morte, que segue a ter un crecemento vexetativo negativo, que perdeu case 10.000 habitantes, que aumentou un 10% a poboación maior de 65 anos, e que conta cunha Renda media dispoñible bruta por habitante de 12.307 €, moi por abaixo da media galega establecida en 15.863 €, e con só 7 empresas que superan os 50 traballadores e ca guinda de **verse relegada**

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 13/12/2022 14:03:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 14/12/2022 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: I/QBEK2G3EaN8qcDoF2m
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

dos grandes investimentos industriais dos fondos NEXT GENERATION.

A situación das telecomunicacións é tan lamentable, que seguimos cunha porcentaxe de cobertura de fibra óptica ínfima, que non da cuberto nin tan sequera os núcleos principais de poboación, xa non digamos os núcleos rurais que tanto queren potenciar dende a Xunta de Galiza, cos seus famosos slogans das campañas para evitar o despoboamento "vivir no rural" dicían. O Programa de Extensión da Banda Ancha de Nova Xeración do Estado e o plan de banda larga 2020 da Xunta, que pretendían dotar de banda ancha de alta velocidade e maior calidade, non dan solucionado a fenda dixital existente en toda a comarca, aumentando a periferia que xa temos de seu. Unha situación que nos deixa atrás na estratexia Galicia dixital 2030 pretendida polo goberno galego. A isto hai que sumarlle os prezos das operadoras que instalaron a rede de fibra, que teñen o monopolio do mercado, e ofertan uns prezos moito máis caro que nas zonas urbanas, onde existe máis competencia. Nos poucos onde existe fibra óptica, despois de tantos anos de espera, pagámola a prezo de ouro.

O Plan de Transporte Público de Galicia que concreta a rede de transporte público de Galicia da competencia da Xunta de Galicia e que se aprobou a través da Lei 10/2016, **non fixo máis que reducir e menoscabar as conexións de transporte na comarca.** Tendo en conta a necesidade de moitos veciños e veciñas de acudir diariamente ao Hospital comarcal en Cee, non se deseñaron rutas específicas para cubrir diariamente as conexións con todas as localidades que abrangue o centro de saúde.

Eliminánronse ducias de paradas e conexións nos núcleos rurais de toda a comarca, deixándoos illados de transporte público, encomendando o servizo baixo a demanda dos propios usuarios, ou relegándoos a utilizar o transporte escolar, en horarios intempestivos e incompatibles no día a día dunha persoa. É tal o labirinto enmarañado de horarios existente na paxina www.bus.gal, ao que calquera veciño pode acceder, que acabas antes de entender, indo andando ao teu destino. Un despropósito que desmantela os servizos públicos de transporte, que non melloran a redución de tempos nas conexións directas coas urbes, e que implica o uso particular de transporte entre as localidades da comarca, nun contexto no que a UE e o Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico pretenden reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro e a utilización de enerxías derivas de combustibles fósiles e potenciar o aforro enerxético.

Esta Xunta, que pretende facer da Costa da Morte, "un espazo turístico de calidade", desatende as liñas de transporte que fornecen de turismo a nosa costa.

Por outra banda, a comarca segue sen ter un estudo de implantación dun ferrocarril de proximidade, que sirva para cohesionar o noso territorio, que o conecte coas grandes urbes e a rede estatal de ferrocarril, e sobre todo que se dote de capacidade para poder facer realidade o transporte de mercancías, conectando os polígonos industriais da comarca co porto de Punta Langosteira, en Arteixo. Así mesmo, dado o crecemento da actividade turística xerada arredor do camiño Xacobeo a Fisterra, é preciso estudar a viabilidade de conectar a comarca coa capital de Galiza, tamén a través dun ferrocarril de proximidade. Precisamos dunha infraestrutura ferroviaria que

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 13/12/2022 14:03:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 14/12/2022 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: I/QBEK2G3EaN8qcDoF2m
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE

CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A

nos saque do atraso centenario ao que nos ten sometido os diferentes gobernos ao longo dos últimos cen anos. Non pode haber futuro nin desenvolvemento comarcal, se non nos dotamos das ferramentas necesarias para incentivar o investimento industrial e o progreso do turismo, que ademais de proporcionar o aumento da calidade de vida na veciñanza, fixa poboación no rural, e iso pasa pola creación de camiños de ferro na bisbarra.

En definitiva, que os veciños e veciñas da costa da morte seguimos vilipendiados polos gobernos da Xunta de Galicia e do Estado Español, nun contexto no que o goberno do Estado xa dou os primeiros pasos para implantar un modelo de pago polo uso das autovías de alta capacidade. Non temos a autovía da Costa da Morte finalizada, e xa están cobrando peaxe antes de tela rematada. Vivir no rural, e en concreto nos nosos concellos sae moi caro, porque a pesares de termos as rendas medias máis baixas da Galiza, de pagar os mesmos impostos que o resto de contribuíntes galegos e de ter menos investimento en infraestrutura e comunicacións que o resto de Galiza, temos que pagar un incremento por ter os mesmos servizos. Calquera veciño ou veciña que teña que desprazarse ao hospital de Coruña ou de Santiago de Compostela, por non contar con ditos servizos no Hospital comarcal de Cee, debe pagar o transporte ata aló, altos custes de combustible, peaxes na autovía e nalgúns casos, custes de manutención, sobre todo se utilizas o transporte público, **pois cos horarios existentes é inviable ir e volver no mesmo día para xantar na casa.**

Facer trámites vía on-line, resulta en moitos casos imposible, dado a velocidade irrisoria existente, derivada de conexións vía satelital por falta de implantación de fibra na comarca. A ninguén se lle escapa que tamén vemos menoscabada a nosa posibilidade de competir en igualdade de condicións nun mercado cada vez máis globalizado, incluso competir na obtención de servizos. Cabe destacar o desenvolvemento do programa impulsado polo departamento de turismo da Xunta de Galiza, que ofreceu nos últimos anos Bonos de desconto do 40% para fomentar a actividade turística e favorecer a desestacionalización nos cidadáns galegos. Resultou sorprende que a convocatoria abría o prazo de solicitudes nun día determinado a partir das 12 da noite, e outorgando os bonos segundo orde rigorosa de solicitudes. En menos de cinco minutos repartiron os bonos, que de seguro foron para os que teñen conexións de rede de alta velocidade, impedindo que miles de veciños da costa da Morte, poidan acceder a ditos bonos solicitándoos desde as súas propias casas. Esta é outra das peaxes que pagamos por vivir no rural.

Por todo o exposto, **precisamos e demandamos o apoio de todos os concelleiros e concelleiras da Costa da Morte**, para exixirlle ao goberno da Xunta de Galiza no marco das súas competencias, as seguintes reivindicacións, polo que o pleno da corporación

ACORDA:

1- DEMANDAR Á XUNTA DE GALIZA O REMATE DA AUTOVÍA DA COSTA DA MORTE E A CONEXIÓN DA MESMA AO PORTO DE BRENS, TAL E CO SE PROXECTOU INICIALMENTE E AO POLÍGONO INDUSTRIAL DE VIMIANZO.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 13/12/2022 14:03:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 14/12/2022 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: I/QBEK2G3EaN8qcDoF2m
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE

CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A

2- DEMANDAR Á XUNTA DE GALIZA A ELIMINACIÓN DAS PEAXES EXISTENTES NA AUTOVÍA CARBALLO-A CORUÑA EN TODOS OS SEUS TRAMOS.
3- DEMANDAR Á XUNTA DE GALIZA UN PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO REAL, CUNHA NOVA PLANIFICACIÓN DAS CONEXIÓNS DE TRANSPORTE PÚBLICO PARA A COSTA DA MORTE, QUE MELLORE EN RUTAS E TEMPOS E AMPLÍE AS PARADAS AOS NÚCLEOS RURAIS DA COMARCA.
4- INSTAR Á XUNTA DE GALIZA A INICIAR XA OS ESTUDOS DE VIABILIDADE DUN SERVIZO FERROVIARIO DE PROXIMIDADE PARA A COSTA DA MORTE.
5- DEMANDAR Á XUNTA DE GALIZA O IMPULSO E EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DAS TELECOMUNICACIÓNS E DE DIXITALIZACIÓN NA COMARCA, ACELERANDO A FINALIZACIÓN DUNHA REDE DE FIBRA ÓPTICA QUE CHEGUE A TODO O RURAL.
6- DAR CONTA DESTE ACORDO AO PRESIDENTE DO GOBERNO DA XUNTA E A TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS DO PARLAMENTO DE GALIZA.

Na quenda de intervencións a presidencia afirma que vivimos na comarca máis prexudicada neste sentido. Explica que a poboación de Carnota diminuíu considerablemente dende o ano 2003, cando se contaba con 5.400 habitantes, e que na actualidade xira arredor dos 3.800 habitantes.
A concelleira do BNG, María Belén Campos Díaz, xustifica que vivir nesta zona é difícil para calquera persoa que traballe noutro lugar, di que todo queda lonxe.
O concelleiro do BNG, Manuel Souto Barreiro, explica que o transporte público na comarca é un desastre, avoga pola mellora do transporte público. En canto ao tema das peaxes, indica que na meirande parte do Estado estanse eliminado, en cambio en Galicia aumentan. Xustifica con este argumento o sentido da moción.

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 10 (4 do grupo do PsdeG-PSOE, 3 do grupo PP e 3 do grupo BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Consecuentemente o presidente declara aprobada a moción por unanimidade.

3.2. RE202200000002852 de 28/11/2022. PSOE.25N

Por parte da presidencia dáse lectura á moción que de seguido se transcribe:
O Grupo Municipal dos Socialistas de Carnota de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 13/12/2022 14:03:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 14/12/2022 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: I/QBEK2G3EaN8qcDoF2m
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE

CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A

Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En España, **desde 2003**, foron asasinadas 1.168 mulleres e 48 nenas e nenos desde o ano 2013. Nese mesmo período de tempo, so **en Galicia 65 mulleres foron vítimas mortais da violencia machista**. Segundo datos do "Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero"do Consello Xeral do Poder Xudicial, os xulgados galegos **recibiron no ano 2021 6.259 denuncias por violencia de xénero, un 2,7 % máis que en 2020**, cando se presentaron 6.097. Aumentou tamén o número de mulleres que aparecen como vítimas, pois en 2020 contabilizáronse 6.073, fronte ás 6.219 de 2021, o que supuxo unha subida do 2,4 %.

Segundo os datos da "Macroencuesta de violencia contra a muller" en España o 34,2% das mulleres sufriron violencia por parte das súas parellas ou ex parellas. O 47,2% non denunciaron nin utilizaron os servizos públicos de axuda. A violencia de xénero é unha terrible vulneración de Dereitos Humanos que pon en cuestión a calidade democrática do noso país. O dereito á igualdade, a liberdade, a seguridade e a dignidade crébase en cada asasinato machista.

1.168 mulleres asasinadas é unha cifra que se lee e escribe rápido pero custa moito máis imaxinarse o impacto de todos eses asasinatos, en todas esas familias, na nosa sociedade. Detrás da frialdade de cada cifra e cada porcentaxe está a vida dunha muller, a vida dos seus fillos e fillas, familia, amizades. As vidas das mulleres non son números e non podemos afacernos nin resignarnos a convivir con esta violencia que desafía os piares dun país democrático. Ningún dato de violencia contra as mulleres é aceptable nunha sociedade que defenda a liberdade, a igualdade e a xustiza.

A pesar do terrible das cifras da violencia machista, resulta extremadamente preocupante a visión que ten unha parte da mocidade, así o testemuña o último barómetro Mocidade e Xénero 2021, realizado polo Centro Reina Sofía Sobre Adolescencia e Mocidade da FA. Segundo o estudo, **o 20% dos adolescentes e novos homes** (entre os 15 e os 29 anos) **consideran que a violencia de xénero non existe e é só "un invento ideolóxico".**

Unha parte da xente moza está a asumir comportamentos machistas que dalgún xeito demostran que non se está actuando debidamente no eido educativo. Non en van, especial atención merece a violencia sexual, cun incremento alarmante na sociedade e tamén entre a mocidade, consecuencia, segundo as persoas expertas, do cada vez máis temperá acceso á pornografía e da falla de educación afectivo-sexual. É por iso que urxe fornecer de recursos asistenciais a estas vítimas, para o que o Goberno do Estado achega recursos extraordinarios, pero tamén é imprescindible traballar na prevención.

Diante deste inaceptable escenario, e do xurdimento de forzas políticas negacionistas da violencia machista que mesmo chegaron xa ao goberno de institucións, para todos os poderes públicos e para toda a sociedade debe ser unha prioridade mellorar a resposta que ofrecemos para garantir a

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 13/12/2022 14:03:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 14/12/2022 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: I/QBEK2G3EaN8qcDoF2m
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

seguridade, a liberdade e a vida das mulleres vítimas da violencia machista e dos seus fillos e fillas. Debemos impulsar, desenvolver e tamén avaliar o impacto das políticas públicas que impulsamos destinadas a combater esta violencia. As vítimas da violencia machista merécense todo o noso esforzo. Para acabar coa manifestación máis terrible da violencia machista é imprescindible a cooperación entre todas as Administracións públicas e coa sociedade civil. Abordar a violencia machista en toda a súa crueza esixe ser esixentes e poñer todos os esforzos que temos ao alcance para protexer ás vítimas.

A Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero supuxo un fito na abordaxe desta violencia que mobilizou e puxo en marcha unha gran cantidade de recursos públicos destinados a combater a violencia de xénero. **A aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en 2017 supuxo elevar a abordaxe da violencia de xénero a unha cuestión de Estado**. O Pacto de Estado é un acordo político polo que todas as forzas parlamentarias definiron unha serie medidas concretas orientadas á prevención, atención e recuperación das vítimas de violencia machista. O 2018 o Goberno de Pedro Sánchez impulsa a aplicación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero dotándoo economicamente a través dos Fondos do Pacto de Estado.
No ano 2022 o Goberno de España transferiu á Xunta de Galicia 9 millóns de euros e 1,7 millón aos concellos galegos no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que é o instrumento vertebrador de todos os actores que interveñen para previr e erradicar a violencia e unha ferramenta estratéxica en continuo cambio e adaptación.O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero foi unha práctica de éxito, un espazo de colaboración e contribución de quen ten como obxectivo loitar contra a violencia machista e debe ser un documento actualizado que responda ás novas formas nas que se manifesta a violencia. As administracións públicas deben seguir colaborando para desenvolver todas as medidas na loita contra a violencia de xénero que reflicte o Pacto,incluída a dotación e execución das partidas orzamentarias dedicadas a este fin.
A violencia de xénero é incompatible cunha sociedade plenamente democrática. Garantir a liberdade a seguridade e a vida das mulleres e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obrigación democrática. A violencia de xénero interpélanos e as administracións locais debemos combatela con todos os medios ao noso alcance.
No ámbito das nosas competencias desenvolvemos un papel fundamental na prevención, así como na información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e as súas fillas e fillos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Carnota presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes **ACORDOS:**

1. Ratificar o compromiso firme do Concello de Carnota contra a violencia machista, e en defensa dos dereitos das mulleres, a erradicación de calquera tipo de violencia contra as mulleres e

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 13/12/2022 14:03:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 14/12/2022 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: I/QBEK2G3EaN8qcDoF2m
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

combater calquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a violencia machista ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.

2. Instar a todas as Administracións públicas competentes a desenvolver e dar cumprimento ás medidas que forman o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.
3. Apoiar o proceso de renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que se está iniciando no Congreso dos Deputados.
4. Colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres.
5. Insta á Xunta de Galicia a:
   a) Presentar no Parlamento un informe de execución das medidas do Pacto de Estado en Galicia dende a súa posta en marcha, así como o seu impacto e avaliación coa fin de establecer prioridades nas accións futuras.
   b) Redactar un informe urxente por parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero que avalíe a situación actual e, sobre todo, propoña novas medidas dirixidas á prevención e erradicación da violencia machista así como accións no ámbito educativo, tal e como lle vén encomendado polo Decreto 157/2012.
   c) Pór en marcha, no primeiro semestre de 2023, os catro centros previstos de atención 24 horas a vítimas de violencia sexual.
   d) Desenvolver, no primeiro trimestre de 2023, unha campaña de concienciación e sensibilización contra a violencia sexual dirixida á mocidade e con especial incidencia na pornografía.
   e) Incrementar a presenza da educación afectivo-sexual nos currículos do ensino de Primaria, Secundaria e Bacharelato.

Na quenda de intervencións a presidencia menciona o caso da rapaza que asasinaran o día antes en Lugo. Explica que o asasino lle asestou 20 puñaladas e 40 golpes. Entende que os representantes políticos deben facer todo o posible para eliminar esa lacra social.
O concelleiro do PP, José Elisardo García Lago, advirte que no caso de Lugo parece que non hai relación previa.
A concelleira do BNG, María Pilar Tubío Lariño, sinala que é violencia machista.
O concelleiro do PP, José Elisardo García Lago, explica que, segundo a información pública, ao non existir unha relación previa trátase dun asasinato. Prosegue a súa intervención indicando que no caso da violencia de xénero, todas as medidas adoptadas, leis aprobadas e outra normativa, son para protexer ás vítimas. O concelleiro opina que se trata de feitos delituosos, e extinguilos vai ser moi difícil. Aclara que cando unha persoa, ben sexa cunha relación de parella ou cónxuxe, está disposta a matar, vai asasinar igualmente.
O alcalde entende que o caso de Lugo se trata de violencia de xénero.
O dito concelleiro do PP aclara que non nega a existencia da violencia de xénero, pero aclara que cando se produce un asasinato ou violación, sen

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 13/12/2022 14:03:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 14/12/2022 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: I/QBEK2G3EaN8qcDoF2m
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

existir unha relación previa de parella, vén sendo un asasinato ou violación, non se debe catalogar como violencia de xénero, por non existir unha relación previa, dende o punto de vista xurídico. O concelleiro indica que simplemente quería aclarar os conceptos.
A concelleira do BNG, María Pilar Tubío Lariño, engade que tamén se lle podería chamar feminicidio. Explica que a violencia vicaria ata fai pouco non se consideraba violencia de xénero e tívose que loitar para que se considerara. Entende que a normativa non o contempla, pero incide en que non deixa de ser un feminicidio. Prosegue sinalando que hai unha serie de mulleres que si contan nas cifras por existir relación de parella e hai outra parte que, por desgraza, non contabilizan, pero non deixa de ser un feminicidio. Explica que hai pouco tempo asasinaron e violaron a unha rapaza de 14 anos, por ser muller. Diríxese ao concelleiro do PP para indicarlle que se non quere chamarlle violencia de xénero, que lle chame feminicidio.
O concelleiro do BNG, Manuel Souto, opina que non é o lugar nin son os expertos para xulgar se é dunha forma ou doutra. O caso é que un home matou a unha muller, con ou sen relacións previas. O feito está aí, como se chame ou conceptúe xuridicamente é o de menos.

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 10 (4 do grupo do PsdeG-PSOE, 3 do grupo PP e 3 do grupo BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Consecuentemente o presidente declara aprobada a moción por unanimidade.

II. PARTE DE CONTROL

1. Dar conta das resolucións do Alcalde desde a última sesión ordinaria.

A Corporación quedou informada das resolucións ditadas polo Alcalde desde a última sesión, que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras desde a mesma data da convocatoria.

2. Rogos e preguntas.

Non houbo.

Non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, dándose por rematado o acto ás vinte horas e dezaseis minutos do día anteriormente expresado, estendéndose a presente acta. De todo o que, como secretario, dou fe.

O secretario, José Luis Veiga Sierra

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 13/12/2022 14:03:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 14/12/2022 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: I/QBEK2G3EaN8qcDoF2m
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A

O alcalde, Juan Manuel Saborido Rama

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 13/12/2022 14:03:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 14/12/2022 09:37:00)
Versión imprimible
CVD: I/QBEK2G3EaN8qcDoF2m
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.